ORIENTACIÓNS PARA POTENCIAR A COMUNICACIÓN DO ALUMNADO CON PARÁLISE CEREBRAL:

- ✓ **Anticipación**: facer uso de **tarxetas** de anticipación que poden levar colgadas da cadeira de rodas para anticiparlles os cambios de espazos e de profesorado, así como cando van a acudir a un cambio cunha coidadora. Exemplo: "Ahora vas con S (sinalamos a cara de S) y vas al aula de fisioterapia" (sinalamos a aula de fisio que está no reverso da tarxeta). **Os alumnos con problemas visuais importantes non levan as tarxetas, será importante a información verbal.*

- ✓ **Guía verbal:** falar cos nenos de forma clara e sinxela mentres lles indicamos todos os movementos. "Ahora vamos a salir por la puerta, mira tócala (se temos o picto de porta o sinalamos)".

- ✓ **Rexistro**: Os nenos sen fala teñen máis dificultades para ser comprendidos de maneira adecuada. É importante un estudio de cada caso de maneira coordinada entre todos os profesionais que atendemos a estes alumnos. **Recomendase recoller por escrito as expresión e intencións comunicativas dos nenos**, como por exemplo "Cada vez que facemos X actividade X alumno emite xemidos intensos que non fai con ningunha outra cousa" ou "Cando algo lle gusta estira o pescozo e palmea na mesa adaptada". A idea e recoller estas impresións a final do segundo trimestre e elaborar un informe de cada neno en canto as súa comunicación, para que poidan levar tamén na cadeira de rodas xunto cas tarxetas e calquera persoa poida coñecelos un pouco mellor, así como para que quede no Departamento de Orientación e os profesionais novos do ano que ven teñan unha información valiosa para traballar con eles.

Elaborado por: Diana Bericochea (https://educacion-espacial.blogspot.com/). **Autor pictogramas:** Sergio Palao **Procedencia:** ARASAAC (http://arasaac.org) **Licencia:** CC (BY-NC-SA) **Propiedad:** Gobierno de Aragon

- ✓ **Asociación abstración-realidade**: Para potenciar e traballar o uso das imaxes en diferentes contextos recomendase ter **imaxes reais** en tamaño medio folio (como mínimo) **que poidan tocar ou coller** dun taboleiro (cartolina plastificada e con velcros) como paso previo a actividade. Incluso poderíase traballar a **elección tendo dúas imaxes** de dúas cousas ou actividades que nos interese que faga o neno, e segundo a imaxe que o neno escolla faremos unha ou outra. Exemplo: Temos a foto da pelota e do xoguete sonoro, se o neno toca ou colle a pelota será o que usaremos con el.

Así tamén traballamos a relación causa-efecto e os nenos comezan a percibir que os seus actos/movementos teñen consecuencias no entorno. É moi efectivo que unha das eleccións sexa algo que detesten e a outra algo que lles encanten, cando vexan que o que tocaron trae como consecuencia algo que non lles gusta (se o encollen) aprenderan antes que están elixindo. Iso si, debemos ser ríxidos e se escollen o que detestan facelo igual.

- ✓ **Adaptarnos a lingua vehicular de cada nen@,** falandolle en galego ou castelán segundo falen normalmente na súa casa.

- ✓ **Pulsadores:** Hai moitos tipos de pulsadores, se algún mestre está interesado en usar algún (por exemplo, ten ordenador na aula e como recompensa quere que o neno active música de youtube) tamén sería outra maneira de traballar a **relación causa-efecto**.

- ✓ **Cando hai dificultades visuais**: Os estímulos teñen que ser auditivos e táctiles fundamentalmente.



Por exemplo: *O.*: Responde ben a ordes sinxelas como “abre a boca” (é un movemento que controla), ou di /aaaaaa/. Podemos dicirlle “Si quieres tocar plastilina (que a ula e a toque para que saiba do que falamos) abre a boca /aaaaaaa/” e no momento que o faga dámoslla. Ou usando un pulsador con algo gravado previamente que ao pulsar obteña o que pide na mensaxe previamente gravada.

- ✓ Estas son algunhas das pautas que sigo pero hai que adaptarse a cada alumno/a e circunstancia.

Elaborado por: Diana Bericochea (https://educacion-espacial.blogspot.com/). **Autor pictogramas:** Sergio Palao **Procedencia:** ARASAAC (http://arasaac.org) **Licencia:** CC (BY-NC-SA) **Propiedad:** Gobierno de Aragon

Audición e Linguaxe